



# CRUCES E CRUCEIROS CON HISTORIA: A CRUZ DE VICENTA BALSA DE LOUSADA (XERMADE)<sup>1</sup>

Fernando Arribas Arias

No lugar coñecido como A Carba, na parroquia de Santo André de Lousada, pertencente ao concello de Xermade, hai unha cruz de pedra de grandes dimensións que se puxo no lugar no que violaron e asasinaron a Vicenta Balsa Rodríguez. Na actualidade, esta cruz está situada a carón da estrada CP-22-06, case a altura do KM. 7, moi preto do lindeiro co concello de Vilalba, concretamente coa parroquia de Vilapedre, pero é de supoñer que a finais do século XIX este enclave non fora máis que un vello camiño pouco transitado<sup>2</sup>.

A cruz levántase sobre un plinto de forma con degraos polos laterais, feito de cachotería, e consta dunha base de forma tronco piramidal. Realizada en granito e dunha soa peza, trátase dunha cruz latina coas arestas rebaixadas en toda a súa lonxitude, agás nos extremos dos brazos e da cabeceira, onde podemos apreciar a súa sección cuadrangular. No seu pé, presenta unha parte máis alargada e nela figura a seguinte epígrafe:

**AQUÍ  
EL 13 NO  
BIENBRE  
1901  
UNO MATO  
A Vicenta  
BALSA D  
58 años  
E. P. D.**

Deixando á parte as cuestións ortográficas, os datos que figuran nesta inscrición non son de todo correctos, pois a morte da infortunada Vicenta Balsa non tivo lugar o 13 de novembro de 1901, senón moito antes. Tampouco é correcta a información que dabamos no noso libro *Cruceiros, cristos e cruces de Xermade*<sup>3</sup>, publicado no ano 2004, no que afirmabamos, baseándonos como base nas testemuñas recollidas na parroquia de Lousada, que Vicenta Balsa fora violada e asasinada por uns tratantes de viño. Por iso, con este artigo, agardamos clarificar a verdadeira historia desta cruz e, de paso, a de Vicenta Balsa.

<sup>1</sup> Quero expresar o meu agradecemento a Félix Vilares Mouteira, Carmen Sánchez Milao e a Antonio Riveira pola súa inestimable axuda e colaboración.

<sup>2</sup> Esta cruz atópase nas seguintes coordenadas: 43° 24. 581' N e 7° 42. 584'W.

<sup>3</sup> Arribas Arias, Fernando e Blanco Prado, José Manuel. *Catálogo de cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, cristos e cruces de Xermade*. Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 94. Sada (A Coruña): Edicións do Castro, 2004, pp. 170-172.

## Os feitos

No xornal *El Correo de Lugo* do 22 de novembro de 1899 podemos ler a seguinte nova: "Habiendo tenido noticia la Guardia Civil que el día 14 prestaba servicio en la feria de Lousada, de que en el camino que conduce a Villalba, se hallaba el cadáver de unha mujer, se dirigió el celoso cabo que la mandaba al indicado sitio, donde efectivamente encontró tendida en el suelo una mujer con varias heridas en la cabeza.

"Practicadas por la Guardia Civil las averiguaciones convenientes, resultó que la interfecta (sic) se llamaba Vicenta Balsa Rodríguez, de 50 años de edad y vecina de Lousada"<sup>4</sup>. Pola súa parte, *El Regional* dí que foi o día 13 cando a Garda Civil atopou o cadáver de Vicenta Balsa que, segundo os primeiros indicios, morreu estrangulada"<sup>5</sup>.

Froito das dilixencias da Benemérita, foi detido José García Cuba, de profesión arriero e natural de San Simón da Costa (Vilalba), sen antecedentes penais, quen confesou o crime "con un cinismo y un lujo de detalles que repugna", pois nón só se declarou autor do asasinato, "sino que hizo revelaciones importantes, una de ellas, que no solamente había violado a la víctima, sino que desde el año 96 hasta la fecha, había cometido tres violaciones más"<sup>6</sup>. Este dato contrasta coa información dada por *El Correo de Lugo*, xornal que afirmaba que o móbil do crime fora un intento de violación e que, ao resistirse Vicenta, o asasino "tomó la determinación de darle muerte"<sup>7</sup>. En baseándonos a estas informacións da prensa local, ábrese a dúbida de si Vicenta Balsa, ademais de asasinada, foi ou non violada por José García Cuba. Desta dúbida faise eco outro xornal que, ademais de dar a nova do ingreso na cadea de Vilalba de José García Cuba, de 22 anos, di que "acerca de este crimen circulan distintas versiones, suponiéndose que el García lo cometió por no poder abusar de la infeliz Vicenta"<sup>8</sup>. Teremos a resposta a esta incógnita máis adiante.

A nova deste delito tivo ampla repercusión na prensa galega, entre eles os xornais *La Gaceta de Galicia* e *La Correspondencia Gallega*. A información dada pola primeira é moi semellante á de *El Correo de Lugo*, e insiste en que foi o día 14 a data de tan lamentable suceso. Pola súa parte, *La Correspondencia Gallega* reproduce sen apenas cambios a nova de *El Regional*, coincidindo con este no día 13 como data na que sucederon os feitos.

Como podemos observar, non hai unanimidade na información facilitada pola prensa, que tampouco coincide coa inscrición que figura na cruz. Cabe a posibilidade de que o crime tivera lugar na primeira das datas e que o cadáver non fora atopado ata o día seguinte, feito que explicaría esta diferenza cronolóxica. O que tampouco coinciden é na idade da infortunada, pois se ben todos os medios de comunicación afirman que Vicenta Balsa contaba daquela con 50 anos, a inscrición da cruz pon que tiña 58 anos cando morreu.

## Vicenta Balsa Rodríguez

Polo Libro de Bautismos desta parroquia, que se custodia no Arquivo da Diocese de Mondoñedo-Ferrol, sabemos que Vicenta Balsa nace o 4 de febreiro de 1844, polo que no momento da súa morte contaba con 55 anos, o que nos leva a afirmar, sen lugar a dúbidas, que a información sobre esta cuestión dada pola prensa, así como tamén a que figura na cruz, son incorrectas, se ben non acaban aquí todos os problemas, como veremos máis adiante. Era filla lexítima de Marcos Balsa e Alejandra Rodríguez, veciños do lugar do Sumeiro, da parroquia de Lousada. Foi bautizada polo crego Domingo Antonio Corvelle, sendo os seus padriños Vicente de Castro, solteiro e tío de Vicenta Balsa, e Vicenta López, muller de Ramón Carballal<sup>9</sup>.

---

4 *El Correo de Lugo*, 22 de novembro de 1899.

5 *El Regional*, 22 de novembro de 1899.

6 Idem.

7 *El Correo de Lugo*, 22 de novembro de 1899.

8 *El Eco de Santiago*, 24 de novembro de 1899

---

9 Libro de Bautismos de Lousada (Xermade), número 4, folio 38 voltos. Arquivo Diocesano de Mondoñedo.

---

## O xuízo e a sentenza

Non volvemos a ter novas deste lamentable suceso ata o 12 de decembro de 1900, data na que *La Idea Moderna* informa da vista, seguida por numeroso público, contra José María García Cuba, daquela xa con 23 anos, pola violación e asasinato de Vicenta Balsa. García Cuba, fillo de José e Juana e ata o momento en prisión provisional, foi defendido polo letrado D. Máximo Blanco, tendo como procurador a D. Juan Varela. Constituído o xurado para ver e fallar esta causa, contestou afirmativamente ás preguntas formuladas polo Tribunal da Audiencia Provincial<sup>10</sup>, nas que o procesado era culpable de “haber yacido con Vicenta Balsa el trece de noviembre de mil ochocientos ochenta y nueve en el paraje denominado su carba, ejerciendo fuerza sobre la Vicenta para realizar aquel acto”<sup>11</sup>. Tamén foi considerado culpable de dar morte a Vicenta Balsa “asfixiándola y estrangulándola en los mismos momentos en los que se verificaba el hecho” anterior. Como agravantes, aludíase á nocturnidade, pois os feitos tiveron lugar entre as seis e sete da noite, e despoboado, xa que o lugar onde ocorreron os feitos distaba a mais de cinco centos metros do lugar habitado máis próximo.

Nun principio, o fiscal pedía para o acusado a pena de morte, pero modificou as súas conclusións provisionais durante o xuízo, cualificando os feitos de violación e homicidio, solicitando para o reo 18 anos de reclusión temporal por cada un dos delitos, ademais “de la accesoria de inhabilitación absoluta temporal en toda su extensión y las costas y además por vía de indemnización que satisfaga la cantidad de mil quinientas pesetas a los herederos de la Vicenta Balsa”, se ben excluía desta indemnización a Antonia e Josefa Balsa, irmáns da vítima, se chegaran a ser declaradas herdeiras.

---

10 Integraban o Tribunal D. Juan V. Cernadas, D. José M<sup>a</sup> Roberes e D. Emilio de Colmenares, actuando como secretario da Audiencia Provincial D. Agustín Vida García.

11 Arquivo Histórico Provincial de Lugo. Sentenzas da Audiencia Provincial, ano 1900, tomo 2, sentenza nº 37, sig. 5.044.

“En el veredicto del jurado, que fue de culpabilidad, se le apreció una atenuante” ao reo, pois non foron tidas en consideración os agravantes de nocturnidade e despoboado. Na sentenza impúxoselle ao procesado a pena de 14 anos e 8 meses de reclusión temporal “por cada uno de los dos delitos por que se le acusaba, el pago de 1.500 pesetas a la familia de la imperfecta y las costas”<sup>12</sup>, se ben supoñemos que isto último non chegou a executarse pois, segundo se recolle na acta do xuízo, García Cuba era insolvente.



## Conclusións

Despois do que levamos dito, parece que quedou probado que Vicenta Balsa foi violada e asasinada por José María García Cuba, de quen non volvemos a ter novas. Supoñemos que cumpriu os máis de 29 anos aos que foi condenado (daquela non existía a doutrina Parot), polo que tería que saír da prisión arredor de 1929, con 52 anos, se non houbo fuga, indulto ou amnistía por medio.

De todo este lamentable suceso só queda a referida cruz, feita, segundo nos manifestaron, polo canteiro Juan María Vérez que, casualmente, era o avó do noso informante en Lousada, D. José Pardo, que contaba 70 anos cando o entrevistamos no ano 2003.

Resulta significativo que no epígrafe deste monumento se omite o nome do causante de tanta desgraza, limitándose o texto a dicir que “uno mató” a Vicenta Balsa, empregando o artigo indeterminado para que o seu nome non quedara para a historia. Tampouco se fai referencia á violación probada no xuízo.

---

12 *La Idea Moderna*, 12 de decembro de 1900.



Chama a nosa atención o erro na inscrición con respecto á idade e ao ano no que tiveron lugar os feitos. Se foron os herdeiros da defunta os que mandaron poñer a cruz, resulta estraño que non souberan a idade e ano exacto no que morreu esta, feito do que non se pode culpar ao canteiro que labrou esta cruz e o epígrafe, xa que se limitou a realizar un encargo. Non obstante, a esta confusión hai que engadirlle o da partida de defunción, na que se recolle que Vicenta Balsa Rodríguez, célibe, recibiu sepultura o día 16 de novembro de 1899, cando contaba 64 anos, nun enterro no que participaron catro sacerdotes. Supoñemos que esta información foi dada de viva voz, pois o crego que fixo esta partida só tiña que comprobar a de nacemento no libro correspondente. Di tamén que faleceu o día 14 de novembro dese ano, o que ven a crear unha nova dúbida en cando a data exacta da tráxica morte da infortunada Vicenta, se ben nós coidamos, por todo o anteriormente exposto, que os feitos tiveron lugar o día 13<sup>13</sup>.

Afortunadamente, esta cruz presenta un bo estado de conservación e, a mellora recentemente da súa contorna, contribúe a resaltar este pequeno monumento que case se confunde coa paisaxe. Aínda que detrás dela hai unha tráxica historia, esta non deixa de formar parte do pasado do concello de

Xermade, pasado que convén lembrar de cando en vez para que non se perda co paso do tempo. O noso admirado e inxustamente esquecido Bernardo Barreiro Vázquez Varela (1850-1904), consciente do valor histórico das cruces e cruceiros galegos, dicía que “No solamente para la formación de unha completa historia regional es indispensable el estudio detenido de estos pequeños monumentos que por todas partes ha erigido la piedad ó la costumbre, la tradición antigua o la fe cristiana tan arraigadas en nuestro pueblo, sino que el conocimiento de cada uno de estos detalles, al parecer insignificantes, importa grandamente a las crónicas de cada localidad, a los recuerdos de cada época, a las íntimas y piadosas memorias de familia, a las leyendas que engalanan la poesía y a las nuevas formas con las que el arte se embellece.” Bernardo Barreiro foi tamén a primeira persoa en darse conta da grande información de carácter etnográfico dos cruceiros e cruces, lamentándose non poder “reunir de todos los pueblos de Galicia ese gran conjunto de leyendas para nuestra literatura, de inscripciones para la historia, de dibujos para el estudio del arte en todos los siglos, con las curiosas relaciones que nos diesen a conocer la devoción, la costumbre o la superstición de nuestro pueblo”<sup>14</sup>.

Agardamos, seguindo a Bernardo Barreiro, que o coñecemento dun anaco da historia desta cruz, sirva para que sexa respectada e conservada para as vindeiras xeracións como un elemento destacable do noso patrimonio cultural.

## BIBLIOGRAFÍA

Arribas Arias, Fernando e Blanco Prado, José Manuel. *Catálogo de cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, cristos e cruces de Xermade*. Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 94. Sada (A Coruña): Edicións do Castro, 2004.

---

13 Libro de Defuncións de Lousada (Xermade), número 4, folio 152. Arquivo Histórico de Mondoñedo.

---

14 Barreiro Vázquez Varela, Bernardo. “Las cruces y los cruceiros”, en *Galicia Diplomática, Año IV, número 12, p. 92. 1889*.